


AUTÓCTONAS

GALEGAS




número

10

A REVISTA DAS RAZAS AUTÓCTONAS GANDEIRAS GALEGAS

INVERNO 2017



NIEVES FERNÁNDEZ, JUAN MANUEL LAGE, MIGUEL GÓMEZ E AGAPITO RODRÍGUEZ, CATRO CASOS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN



PRESENTACIÓN DO LOGOTIPO 100% DA RAZA AUTÓCTONA PORCO CELTA



Foto: Xurxo Lobato

RAZAS AUTÓCTONAS: GALICIA, ESPAÑA, UNIÓN EUROPEA



ESTUDO COMPARATIVO DE DIFERENTES POLOS EN EXPLOTACIÓN AVÍCOLAS ARTESANAIS



NIEVES FERNÁNDEZ VIDUEIRA
CRIADORA DE OVELLA GALEGA

“CALQUERA QUE COME UN CORDEIRO DA NIEVES QUERE OUTRO. POR QUE? POIS PORQUE É DE OVELLA GALEGA E ESTÁ CRIADO NAS HERBAS DE QUINTELA DO PANDO”

A ourensá Nieves Fernández (Quintela do Pando, Viana do Bolo) cría Ovella Galega dende antes incluso de que existise esta denominación. Logo de máis de ter décadas coidando do seu rabaño, responde ás nosas preguntas con rotundidade e aproveita a ocasión para denunciar algúns dos problemas máis graves que ve no sector na actualidade.

Canto tempo levas sendo criadora de Ovella Galega?

Empecei con 18 ovellas da miña avoa en 1982, pero non se avaliaron como Ovella Galega ata o ano 2000, que foi cando se empezaron a seleccionar e, dende aí, fun criando xa o que puiden.

Por que empezaches a criar ovellas?

Eu marchei para Madrid con 16 anos, casei con 19 e, como a terra tiraba, ao pouco volvemos para a aldea. Chegamos cunha man diante e outra detrás. Eu estaba a piques de ter un fillo e non

tiñamos nin casa nin nada, polo que empezamos na casa da avoa coas 18 ovellas que ela tiña, cunha burra e cos apeiros da burra. Esa era a nosa maquinaria.

Como evolucionou a explotación dende aquela ata hoxe?

Fomos recriando todo desas 18 ovellas sen mercar nada de fóra. O meu marido ía facendo xornais por fóra e eu atendía as ovellas e a criar o fillo. Vendiamos os cordeiros; o que saía macho vendíase para a carne e as cordeiras criábanse todas. Non seleccionabamos a mellor,

porque o que estabamos era a aumentar o rabaño e, co tempo, chegamos ás 400 que temos hoxe.

Como comercializades a carne?

Eu produzo en ecolóxico cordeiro de raza de Ovella Galega pero, como aquí, en Viana, non hai tendas que comercialicen en ecolóxico nin que teñan o logo para vender Ovella Galega, pois véndoas en convencional. Lévolles os cordeiros en ecolóxico ao matadoiro e alí véndenos en convencional.

Como traballades nesta explotación?

Seguimos, máis ou menos, a rutina que levaba miña avoa. Esta é unha explotación semiextensiva: á noite métese as ovellas no curral e á mañá saen ao pasto. Saen todos os días a non ser que haxa unha nevada dunha cuarta ou dúas e non se poida. Facemos a cama no curral con xestas e, despois, o fertilizante empregámolo na propia explotación. Nós non mercamos fertilizantes químicos, utilizamos o noso porque sementamos; logo, todo o que consomen as nosas ovellas, recollémolo nós. Somos unha explotación autoabastecida.

Que alimentación seguen as túas ovellas?

O alimento fundamental é o pasto. Despois, outro básico é a herba que lle poñemos no curral e o centeo. A flor da xesta tamén é un alimento importante, así como a fronxa da xesta, a folla das árbores, o lique das touzas, as landras e, agora, cando pare de vir a xente ás castañas, tamén as comen elas.

Tedes problemas co lobo nesta zona?

Si, si que hai problemas co lobo, normalmente ataca a traseira do rabaño. Se vén un só e os cans o ven, non pasa nada porque marchan detrás del, pero, se veñen varios, os cans marchan detrás dun e os outros "fancha". A min o ano pasado faltáronme 50 animais que tiven que repor despois dos que tiña pensado vender no verán para cubrir a cota que tiña de gando. Fixen solicitude dalgúns, pero de moitos xa non dei partes, porque, se non hai un crotal identificativo, é igual que o deas: non cho van pagar e, aínda por riba, tes que perder media



Na actualidade ten un rabaño con 400 animais

mañá para que a xente veña contigo, leválos a onde están os danos... Entón, ao final, cando levaba 10 ou 12 baixas, xa non dei máis partes.

Cales son as características máis importantes da Ovella Galega?

A máis importante de todas é que era a ovella de miña avoa, a que estaba adaptada a esta zona. Aquí traes outra ovella de fóra, moi bonita e moi grande, e lévaa ti a pastar coa comida que hai este ano, a ver que fai. Ademais, é a ovella máis bonita do mundo... Ti míralle a cara. Despois, a súa la é longa, supoño que porque, ao estar en alta montaña, vai moitísimo frío no inverno, entón é coma unha manta que levan de protección para o frío, para as xeadas e para a neve. Esta raza non ten problemas de ubre porque o ten moi recollido; aínda

que andan por campos, por xestaregos e entre as carqueixas, nunca verás unha ovella co ubre estragado, porque o ten recollido, non coma os das outras ovellas. Ademais, ten una carne de calidade. Calquera que come un cordeiro da Nieves quere outro. Por que? Pois porque é de Ovella Galega e está criado nas herbas de Quintela do Pando. Éche o que hai.

"EMPEZAMOS NA CASA DA AVOA COAS 18 OVELLAS QUE ELA TIÑA, CUNHA BURRA E COS APEIROS DA BURRA. ESA ERA A NOSA MAQUINARIA"

Notaches melloras na visibilidade desta raza dende 1982 ata a actualidade?

Claro. A Ovella Galega estaba en perigo de extinción e creo que aínda o está. No ano 2000 fundouse Asovega, a Asociación de Criadores de Raza Ovella Galega, que é a que lle deu visibilidade e a que está facendo o traballo para recuperala. A través de Asovega empezouse a coñecer, porque non te creas que esta raza estaba moi ben vista: como era unha ovella pequena... Pero resulta que a cantidade non é calidade, e a calidade estíbese perdendo. Grazas a Asovega empezouse outra vez a recuperar e a mentalizar a xente de que o bo o estabamos deixando marchar e tiñámolo aquí.



Ti como criadora notaches que agora se lle está a dar máis valor ao teu produto?

Hoxe o nivel de vida si que subiu, moitísimo. Eu creo que máis do 100 % e, porén, o prezo do cordeiro, non. Non é porque teña menos calidade, que segue tendo a mesma ou mellor, pero o valor do cordeiro non sobe porque, se o sobes, non cho levan. Eu véndollo ao matadoiro dende hai 15 anos ao mesmo prezo. Cal é a vantaxe agora? Que hai moita demanda das cordeiras, entón véndense a moi bo prezo e iso é un ingreso adicional que, seguramente, se tivese outra raza, non o tería.

A que idade sacrificades os animais para a súa venda?

Entre os 45 e os 60 días.

De cantas hectáreas de terreo dispós para os animais?

Na PAC teño declaradas 64 hectáreas, pero pacen moito máis. Eu tiña apuntada a superficie forestal que teño en propiedade porque eran terras miñas e podía xustificar terreo, pero todo o que era de forestal quitáronmo na PAC: as touzas, os xestaregos grandes, que son os que me sacan no inverno do paso cando hai xeadas... Todo iso sacáronmo, é dicir, en realidade, hectáreas, un montón pero, declaradas, 64.

Cantos animais tes en total?

Teño 400 ovellas e 10 carneiros.

Como están repartidos?

Normalmente as ovellas están todas xuntas, pero agora as paridas están ao lado da casa, en pastos mellores, e os

*"SE HOUBESE RABAÑOS DE OVELLAS
COMO OS HAI AQUÍ, ESTABA O MONTE
LIMPO E ESE É UN XEITO DE PREVIR O
LUME, METENDO O GANDO A QUE PAZA E
A QUE LIMPE O MONTE"*

machos témolos á parte. Só se lles botan nos meses de decembro e maio.

Cal é a relación con Boaga? Como traballades con eles?

Pois moi boa, e non é só de palabra. Cando hai problemas, tamén chos saben solucionar. Houbo una época na que tiven un problema cos cordeiros, porén, veu Silvia, de Boaga, abriume un e descubrimos por que estaban a morrer. Non é que veñan só a seleccionar e a marcar as cordeiras que son de recría, tamén axudan noutras cousas.

Tedes moitas visitas do veterinario?

As mínimas, porque unha explotación de ovinos que ten moitas visitas do veterinario, vai á quebra. O mellor para evitar o veterinario é a prevención. Por exemplo, hai un tempo botamos un ano bastante complicado para dar qui-

tado o *pedero* e agora, como prevención, unha vez cada seis meses pasan polo pediluvio e xa non temos nin gota de *pedero*.

Cando botades os machos?

En vez de botarlles o macho 15 días, que é o normal, nós botámosllelo 30: os 20 días que teñen o ciclo de celo e 10 días máis de regalo. Adóitanos funcionar moi ben, pero este ano, en maio, que é cando os botamos para ter os partos en outubro, botámoslles só dous días un macho para ter o xusto e nada máis.

O momento de maior produción sempre é en maio?

Si, sempre. Temos os partos concentrados en maio porque, por malísimo que veña o ano, estamos na primavera e, se non hai pasto, están as flores. Entón sempre hai mellor herba e poden saír os cordeiros coas ovellas e, se a ovella se alimenta ben, o cordeiro tira axiña para arriba.

Cal é a media de produción?


Máis ou menos 1,4 por ovella. Este ano 1,3 ou 1,2, ou ao mellor aínda algo menos.

Polos problemas coa seca?

Si. É que, ao non haber pasto, non podes dicir: "Vou ter moitísima produción". Xa aos cordeiros do mes de maio, como había problemas de alimentación, lles houbo que cambiar o sistema de manexo, porque non medraban tanto... Entón agora, no Nadal, aínda que o normal sería ter 150-200, temos 30. Ao non haber pasto como é debido, tampouco podes ter unha produción grande.



As ovellas saen a pastar todos os días



Tivestes que desprazarvos moito para alimentalas este ano?

Fixemos moitísimos quilómetros para que as ovellas fosen pillando algo mentres ían andando. Limparon camiños, limparon prados... Todo o que pillaban, comían. O bo é que, ao andar tantos quilómetros, os pezuños das ovellas se gastan e, entón, non teño que cortarles as unllas a ningunha... Este ano, ademais, como o encoro secou, quedou o río como estaba antigamente e todo o que estaba cuberto de auga botou comida, así que aproveitei para levalas á presa e fartalas algo.

Que outros problemas tedes por aquí?

Nesta aldea hai problemas de auga nos meses de agosto, setembro e outubro. É un problema bastante gordo e este ano, como había moitísima seca, deron permiso para coller auga nos puntos dos bombeiros, pero é que aquí ao redor todos os puntos estaban secos. Ao

final, solucionámolo levando as ovellas a beber ao lago. Penso que unha forma de previr todo isto sería facer tanques de recollida de auga nos tellados: só invistes unha vez e o resto da vida tes auga gratis. Eu teño un tanque de 220.000 litros e o normal é telo case cheo. Úsoo para regar pero este ano, como está a cousa así daquela maneira, témolo reservado. É un recurso moi aprobeitable e, en caso de incendio, moi útil.

Este ano tivestes os incendios moi preto, non?

Moito. Houbo un día en outubro que, cando botei as ovellas ás nove da mañá, non se vía nada, coma se fose de noite: estaba todo cuberto de fume. Chamáronme por teléfono e dixéronme que en Bembibre estaba chegando o lume ás casas, que non había medios para apagalo, que non había brigadas suficientes e que ardían as casas. Nós metemos as ovellas no curral e marchamos a apagar.

"O NIVEL DE VIDA SI QUE SUBIU, MOITÍSIMO. EU CREO QUE MÁIS DO 100 % E PORÉN O PREZO DO CORDEIRO, NON"

Había tres aldeas en risco de arder! Se houberse rabaños de ovellas como os hai aquí, estaría o monte limpo, e ese é un xeito de previr o lume, metendo o gando a que paza e a que limpe o monte.

Empezaches con 18 ovellas e xa vas polas 400. Cales son os obxectivos a curto-medio prazo?

Agora pararemos nas 400 e seguiremos así ata que poidamos. Eu quería que meu fillo seguise, pero a ver se a Administración se molla un pouquiño... Imaxina que meu fillo colle a explotación e quere aumentar, que sería o normal, pois todo isto que ten non lle vale para poñer de superficie, entón tampouco pode medrar. Terán que cambiar a política agraria, porque o único que están facendo así é que a xente do rural marche. Meu fillo, se non queda aquí, terá que marchar. Xa só está el na aldea e, se se vai, cando eu morra isto remata sendo pasto das chamás.

